



AGRUPACIÓN FOLCLÓRICA CANTIGAS E AGARIMOS

PREVENCIÓN FRONTE O CORONAVIRUS EN CANTIGAS E AGARIMOS

Estas medidas serán de obrigado cumprimento desde o momento no que se acceda ó local de Cantigas e Agarimos.

- Medidas xerais de protección individual e colectiva

De forma xeral, manterase unha **distancia interpersonal de polo menos 1,5 metros** nas interaccións entre as persoas en Cantigas e Agarimos. A distancia a manter entre postos será a máxima que permita a aula, empregando os espazos de maior tamaño que sexa posible. As aulas estarán ventiladas, e as ventás abertas entre clases. Os ensaios realizaranse no patio na medida do posible.

O **uso da máscara será obrigatorio** para todas as persoas de máis de 6 anos de idade que accedan o local de Cantigas e Agarimos, con independencia do mantemento da distancia interpersonal, sen prexuízo das exencións previstas no ordenamento xurídico, durante toda a xornada lectiva e en todos os espazos do centro educativo.

Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca. Ao tusir ou esberrar, tapar a boca e o nariz cun pano de papel que se desbotará nunha papeleira, ou ben facelo contra a flexura do cóbado e sempre aloxándose do resto das persoas.

Hixiene de mans: lavado frecuente e meticuloso das mans con auga e xabón, durante polo menos 40 segundos, ou con xel hidroalcohólico, durante polo menos 20 segundos. Realizarase obrigatoriamente á entrada e saída das instalacións, despois de ir ó aseo e cada vez que se use material compartido. Na entrada do centro, así como en todas as aulas, disporase dos produtos de hixiene necesarios.



AGRUPACIÓN FOLCLÓRICA

CANTIGAS E AGARIMOS

Estableceranse distancias mínimas de seguridade de polo menos 1.5 metros, tanto nos accesos, nos pasillos, zonas de espera e nos espazos de atención ao público, para **evitar a acumulación de persoas** nestas zonas. As entradas e saídas faranse de forma ordenada e escalonada no tempo.

Como norma xeral, **non se permite a entrada de pais/nais/acompañantes no local de Cantigas e Agarimos**. As consultas docentes e administrativas faranse por teléfono ou por correo electrónico. No nivel de ensino infantil o alumnado poderá chegar ao centro acompañado dun familiar e agardar no exterior do recinto. Os acompañantes deberán usar máscara.

O alumnado **non compartirá material de uso propio** con ningún dos seus/súas compañeiros/as. Cando se use material ou instrumentos susceptibles de ser compartidos, o alumnado deberá hixienizar as mans antes e despois do seu uso.

O **uso dos aseos estará limitado** a unha persoa de cada vez, non superando un terzo do seu aforo. O alumnado deberá hixienizar as mans á saída do mesmo.

- Medidas xerais de limpeza nos centros

O centro dispón dun protocolo de limpeza e desinfección acorde ás súas características. Sempre que sexa posible, o alumnado desinfectará o material empregado, así como as mesas e sillas. As aulas serán desinfectado ó remate do día.

- Medidas de prevención básicas

A suspensión xeralizada da actividade lectiva presencial de forma unilateral por parte da Comunidade Autónoma, unicamente se adoptará diante de situacións excepcionais.

As reunións de coordinación e aquelas outras actividades non lectivas realizaranse de forma telemática sempre que sexa posible.



AGRUPACIÓN FOLCLÓRICA

CANTIGAS E AGARIMOS

Para a detección precoz tanto nos monitores/as como no alumnado, estes (ou os seus pais/nais/titores/as legais) realizarán unha auto avaliación dos síntomas de forma diaria antes de acudir a Cantigas e Agarimos, a fin de comprobar se estes son compatibles cunha infección por SARS-CoV-2. **Diante da aparición de polo menos un destes síntomas** (febre maior de 37,5°C, tose seca, dificultade respiratoria, fatiga severa, falta de olfacto/gusto, diarrea, ou contacto estreito cunha persoa COVID-19 positiva), **o/a monitor/a ou alumno/a non acudirá ás aulas**, tendo a obriga de comunicar esta información ó SERGAS.

Non asistirá ao centro ningunha persoa que teña síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliar por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19. Tampouco acudirán ao centros as persoas en espera de resultado de PCR por sospeita clínica.

Ante a detección de síntomas compatibles con infección por SARS-CoV- 2 nun alumno/a, durante a estancia no centro ou á chegada ao mesmo, contactarase coa súa familia ou persoa de referencia que deberá presentarse á maior brevidade.